



## NOTA INTERPRETATIVA ACERCA DA APLICACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS EN MATERIA DE PESCA FLUVIAL EN GALICIA, CON MOTIVO DA CRISE DO COVID-19

. O plan de desescalada progresiva deseñado polo goberno de España, contempla un proceso gradual de flexibilización das medidas de restrición impostas polo estado de alarma.

Este plan distribúese en 4 fases: a fase 0 a partir do luns 4 de maio, a fase 1 a partir do 11 de maio, la fase 2 a partir do 25 de maio e a fase 3 a partir do 8 de xuño.

. No marco do proceso progresivo de desescalada das restricións impostas polo estado de alarma, no BOE do 1 de maio de 2020 publicouse a Orde SND/380/2020, de 30 de abril, sobre as condicións nas que se pode realizar actividade física non profesional ao aire libre durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Segundo o previsto na citada orde, queda permitida a **práctica non profesional de calquera deporte individual ao aire libre que non requira contacto con terceiros**, surtindo efectos esta regulación desde as 00:00 horas do día 2 de maio de 2020 e mantendo a súa eficacia durante o estado de alarma e as súas posibles prórrogas, fixándose nesa Orde as condicións nas que **as persoas de 14 anos en diante** poderán realizar estas actividades deportivas.

A este respecto, no colectivo de pescadores fluviaes deportivos de Galicia teñen xurdido dúbidas no referente a se a práctica desta actividade na fase 0, se entende comprendida dentro das permitidas pola Orde SND/380/2020, de 30 de abril, tendo en conta que no documento marco de desescalada presentado polo Goberno Central (que carece de rango normativo e que terá que ser desenvolvido mediante as correspondentes ordes ministeriais), se sinala que a pesca e a caza deportiva son actividades agrarias que tan só se poderían exercer unha vez alcanzada a fase 2, no marco do plan global de desescalada.



Co obxecto de clarificar a situación, con data do 2 de maio de 2020, as Conselleiras de Medio Ambiente e Mar dirixiron unha carta ao Ministro de Sanidade na que poñían de manifesto que a pesca deportiva en ningún caso pode ser considerada como una actividade agraria, senón deportiva, polo que se entendía que a orde de 1 de maio amparaba a actividade dos pescadores deportivos fluviais, por ser unha actividade deportiva exercida individualmente e ao aire libre.

. Posteriormente, no BOE do 3 de maio de 2020 publicouse a Orde SND/388/2020, que regula, entre outras, as condicións para a **práctica de deporte profesional e federado ao aire libre** durante o proceso de desescalada gradual das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade e do contacto social adoptadas polo goberno estatal ata esa data.

Nesta orde tampouco se exclúe de xeito explícito a práctica do deporte da pesca fluvial, polo que desde a consellería segue a entenderse que se trata dunha actividade permitida, reafirmándose polo tanto a postura da Xunta, que entendeu desde o principio que esta actividade non constitúe un suposto asimilable a unha actividade agraria, senón que se engloba en todo caso no ámbito deportivo (nas súas vertentes tanto profesional como recreativa).

Polo exposto dende a Xunta de Galicia, á vista de ambas disposicións, enténdese que o Estado está a permitir de xeito implícito a práctica da pesca fluvial, tanto na súa versión de actividade deportiva non profesional ao aire libre (pesca fluvial ou recreativa), como no caso da pesca federada.

En todo caso, a súa práctica deberá cumprir coa normativa sectorial aplicable vixente e estará supeditada así mesmo aos requisitos impostos nas Ordes SND/380/2020 e SND/388/2020 e as súas posibles modificacións, en especial no relativo ás limitacións impostas acerca dos desprazamentos e lugares permitidos para a práctica da actividade, os requisitos para evitar o contaxio e as franxas horarias permitidas, ata o fin da declaración do estado de alarma polo Goberno de España.

(No cadro anexo, achégase un resumo dos requisitos principais referidos).



	CATEGORÍA	LIMITACIÓN IDADE	LIMITACION TERRITORIAL	LIMITACIÓN DESPRAZAMENTOS	DURACIÓN E HORARIO	LIMITACIÓN DISTANCIA SEGURIDADE	ACREDITACIÓN
<b>PESCADORES FEDERADOS</b> (Orde SND/388/2020 de 3 de maio)	<b>Profesionais e calificados alto nivel</b> ou interese nacional(art 8)	Non existe (permitido todas as idades)	ámbito: <b>provincia</b> de residencia	Sen restricións (acceso libre)	<b>Sen limitación:</b> duración e horario polo tempo necesario para mantemento adecuado da forma deportiva	Práctica do entreno de xeito individual e con carácter xeral a distancia de seguridade interpersonal será de dous metros	-Licencia de pesca fluvial (e permiso de pesca se corresponde) + <b>Licencia federativa ou certificado de Deportista Alto Nivel</b>
	<b>Resto de pescadores federados</b> (art.9)	Non existe (permitido todas as idades)	ámbito: <b>municipio</b> de residencia	Sen restricións (acceso libre)	Permitido <b>2 veces/día</b> Nas seguintes franxas horarias: -6:00 h a 10:00 h e -20:00 h a 23:00 h.	Práctica do entreno de xeito individual e con carácter xeral a distancia de seguridade interpersonal será de dous metros.	-Licencia de pesca fluvial (e permiso de pesca se corresponde) + <b>Licencia federativa</b>
<b>PESCADORES NON FEDERADOS</b> (Orde SND/380/2020 de 30 de abril)	<b>Actividade física non profesional ao aire libre</b>	14 ata 69 anos	ámbito: <b>municipio</b> de residencia	<b>Prohibido</b> o uso de vehículo motorizado ou transporte público para desprazarse ao lugar de pesca.	<b>Permitido só 1 vez/día</b> a elixir entre as seguintes franxas horarias: -6:00 h a 10:00 h ou -20:00 h a 23:00 h. <b>Excepción: concellos ≤ hab: pódese pescar entre as 6:00 e as 23:00 h</b>	Práctica só de maneira individual, e deberá manterse unha distancia interpersoal de alomenos 2 metros	-Licencia de pesca fluvial (e permiso de pesca se corresponde)
		≥ 70 anos	ámbito: <b>municipio</b> de residencia	<b>Prohibido</b> o uso de vehículo motorizado ou transporte público para desprazarse ao lugar de pesca.	<b>Permitido só 1 vez/día</b> a elixir entre as seguintes franxas horarias: -10:00 h a 12:00 h ou -19:00 h a 20:00 h. <b>Excepción: concellos ≤ hab: pódese pescar entre as 6:00 e as 23:00 h</b>	Práctica só de maneira individual, e deberá manterse unha distancia interpersoal de alomenos 2 metros	-Licencia de pesca fluvial (e permiso de pesca se corresponde)
		Menores 14 anos	<b>NON PERMITIDO</b>				